

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/9	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de marzo de 2025
Duración	Dende as 13:22 ata as 13:41 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 07.03.2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07 de marzo de 2025.

Expediente 331/2025. Contratación. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN TOXA-COSTELA E TOIRIZ

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Os camiños municipais en EN TOXA-COSTELA E TOIRIZ, sofren un importante deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz de febreiro de 2025.

Visto o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias, e visto que constan estas no expediente.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que a o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Vista a Acta de Reformulo Previo.

Vista a Providencia de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 14 de marzo de 2025.

Visto o informe de intervención asinado o 14 de marzo de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN TOXA-COSTELA E TOIRIZ" por importe de 224.376,33 euros (185.434,98 euros de valor estimado do contrato máis 38.941,35 euros de IVE).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 454-619 proxecto 2024-28 (Préstamo), do Orzamento do Concello prorrogado para o 2025.

TERCEIRO.- Aprobar:

- o Proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz asinado en febreiro de 2025, denominado “MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN TOXA-COSTELA Y TOIRIZ”.

- e o Prego de cláusulas administrativas particulares
que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 20 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 1554/2024. Licenza ou Autorización Urbanística. Reorganización da propiedade de fincas rústicas.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Remitímonos ós antecedentes que se recollen no expediente administrativo que obra neste Concello (Expediente nº 1554/2024), así,

1º.-Consta no expediente que o 22 de outubro de 2024 (registro de entrada 2024-E-RE-1644), o representante do solicitante presenta solicitude de actuación urbanística para “reorganización de la propiedad de fincas rústicas”

- Autorización de representación outorgada por Dna. Elena Ramos Gómez para Dna. Marta López Arines.
- Solicitude de Actuación Urbanística para “reorganización de la propiedad de fincas rústicas”.
- Autoliquidación de taxa e xustificante de pago (60 €).
- Memoria de “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborada pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data 8 de setembro de 2024, sen asinar.

2º.- Consta no expediente que o día 07/03/2025 o representante do solicitante presenta solicitude de actuación urbanística para “reorganización de la propiedad de fincas rústicas”

- Autorización de representación outorgada por Dna. Elena Ramos Gómez para Dna. Marta López Arines.
- Autorización da Consellería de Medio Rural para a segregación e simultánea agregación nos predios números 196 e 211 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, con data de sinatura dixital 6 de marzo de 2025, e CVE: GKGGAlgQtEo6 (<https://sede.xunta.gal/cve>).
- Memoria de “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborada pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data 8 de setembro de 2024, sen asinar.

- Autoliquidación da diferenza na taxa e xustificante de pago (0,10 €).

3º.- Consta no expediente que o 11 de marzo de 2025, (rexistro de entrada 2025-E-RE-387), o representante do solicitante presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Autorización de representación outorgada por Dna. Elena Ramos Gómez para Dna. Marta López Arines.
- Memoria de “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborada pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data de sinatura dixital 07 de xaneiro de 2025.
- Xustificante de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia da solicitude para as “AXUDAS A INVESTIMENTOS EN MODERNIZACIÓN E/OU MELLORA DE EXPLOTACIÓNS. EXPLOTACIÓNS AGRARIAS”, con data de rexistro de entrada 22 de abril de 2024.

4º.- Consta no expediente informe favorable para a reorganización das parcelas con referencia catastral 36052S502001960000KA e 36052S502002110000KK segundo o contemplado no proxecto “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborado pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data de sinatura dixital 07 de xaneiro de 2025, asinado polo arquitecto técnico municipal, Elías González Roma, de data 12 de marzo de 2025.

O informe favorable do arquitecto técnico recolle o seguinte:

“Elías González Roma, arquitecto técnico municipal do Concello de Silleda (Pontevedra), vista a documentación que integra a solicitude de actuación urbanística recollida no expediente nº1554/2024; informo:

ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN:

1. O día 22/10/2024 (rexistro de entrada 2024-E-RE-1644), o representante do solicitante presenta solicitude de actuación urbanística para “reorganización de la propiedad de fincas rústicas”

- Autorización de representación outorgada por Dna. Elena Ramos Gómez para Dna. Marta López Arines.
- Solicitude de Actuación Urbanística para “reorganización de la propiedad de fincas rústicas”.
- Autoliquidación de taxa e xustificante de pago (60 €).
- Memoria de “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborada pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data 8 de setembro de 2024, sen asinar.

2. O día 07/03/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-371), o representante do solicitante presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Autorización de representación outorgada por Dna. Elena Ramos Gómez para Dna. Marta López Arines.
- Autorización da Consellería de Medio Rural para a segregación e simultánea agregación nos predios números 196 e 211 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, con data de sinatura dixital 6 de marzo de 2025, e CVE: GKGGAlqQtEo6 (<https://sede.xunta.gal/cve>).
- Memoria de “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborada pola arquitecta Dna.

Susana Ramos Porto, con data 8 de setembro de 2024, sen asinar.

- Autoliquidación da diferenza na taxa e xustificante de pago (0,10 €).

3. O día 11/03/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-387), o representante do solicitante presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Autorización de representación outorgada por Dña. Elena Ramos Gómez para Dña. Marta López Arines.
- Memoria de "Reorganización de la propiedad de fincas rústicas", elaborada pola arquitecta Dña. Susana Ramos Porto, con data de sinatura dixital 07 de xaneiro de 2025.
- Xustificante de presentación no registro electrónico da Xunta de Galicia da solicitude para as "AXUDAS A INVESTIMENTOS EN MODERNIZACIÓN E/OU MELLORA DE EXPLOTACIÓNS. EXPLOTACIÓNS AGRARIAS", con data de registro de entrada 22 de abril de 2024.

INFORME TECNICO:

1. Normativa de aplicación:

- **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (PXOM en adiante)**, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- **Decreto 143/2016**, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- **Decreto 83/2018**, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

2. Réxime urbanístico das parcelas de orixe:

O solo onde se pretende a actuación contida no proxecto de referencia, está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como **solo de núcleo rural tradicional e solo rústico de especial protección**, nas seguintes categorías:

- Solo rústico de protección agropecuaria
- Solo rústico de protección patrimonial

O concello de Silleda conta cun PXOM aprobado provisionalmente o 18/03/2016 e definitivamente o 23/12/2022, con entrada en vigor o 8 de maio de 2023, polo que é de aplicación a disposición transitoria 2ª da LSG e o punto 1.c) e 1.d) da disposición transitoria 1ª da LSG. En consecuencia:

c) Ao solo de núcleo rural e as súas áreas de expansión, se lle aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, as cales lle será de aplicación o previsto no 40 da LSG.

d) Ao solo rústico se lle aplicará o disposto na LSG para o solo rústico.

O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para a zona de actuación contida no proxecto de referencia as seguintes afeccións:

Afección	Figura
-----------------	---------------

Concentración Parcelaria	ZCP Laro - Parada
Patrimonio Cultural (*)	Igrexa de San Bieito do Pereiro

No que se refire as afeccións sectoriais:

- Consta autorización da Consellería de Medio Rural para a segregación e simultánea agregación nos predios números 196 e 211 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, con data de sinatura dixital 6 de marzo de 2025, e CVE: GKGGAlqQtEo6 (<https://sede.xunta.gal/cve>).
- (*) Segundo o indicado no plano 005/193 C18, V.10 ORDENACIÓN NÚCLEOS RURAIS do PXOM do Concello Silleda, o contorno de protección da “Capela de San Bieito” non afecta o límite da parcela obxecto da reorganización da propiedade.

As parcelas de orixe, contan coas seguintes características segundo o contido no proxecto de referencia, en relación coa ordenanza de aplicación:

Parcela de orixe nº1A (36052S50200196000KA): PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Solo Núcleo Rural			
TIPO		Histórico Tradicional			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Regulamento para o Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional (art. 322 a 328 do PXOM de Silleda)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condições da parcela	Parcela mínima:	600 m ² (1000 m ² a efectos de reparcelacións)	1.732,00 m ²	Cumpre
		Fronte mínima:	12 m	>12 m	Cumpre
	Condições de posición e volume	Retranqueos:	-3 m a lindeiros posterior e laterais -A vías: ○ Estatais, autonómicas e da Deputación de Pontevedra: segundo Límite de edificación establecido pola normativa en vigor. ○ Resto: 3 m dende aliñacións establecidas nos planos de ordenación.	Posterior: > 3 m Lateral: 0,00 m Aliñación: 0,00 m	Non cumpre. Edificación na situación regulada no artigo 90 da LSG.
		Ocupación máxima:	35 %	9,12% (158/1732)*100%	Cumpre
		Edificabilidade máxima:	0,70 m ² /m ²	0,14 m ² /m ² (247/1732)	Cumpre

Parcela de orixe nº1B (36052S50200196000KA): PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
CLASIFICACIÓN DO SOLO	Solo rústico de especial protección

CATEGORÍAS		Solo rústico de protección agropecuaria			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (art. 31 a 39 da LSG)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condições da parcela	Parcela mínima:	2000 m ²	2.553,00 m ²	Cumpre
		Fronte mínima:	Non se establece		Cumpre
	Condições de ocupación	Ocupación máxima:	20 % (60% para explotacións gandeiras)	Non existe edificación	Cumpre
		Retranqueos:	5 m a todos os lindeiros	Non existe edificación	Cumpre

Parcela de orixe nº2A (36052S502002110000KK): PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Solo Núcleo Rural			
TIPO		Histórico Tradicional			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Regulamento para o Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional (art. 322 a 328 do PXOM de Silleda)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condições da parcela	Parcela mínima:	600 m ² (1000 m ² a efectos de reparcelacións)	637 m ²	Cumpre
		Fronte mínima:	12 m	>12 m	Cumpre
	Condições de posición e volume	Retranqueos:	-3 m a lindeiros posterior e laterais -A vías: o Estatais, autonómicas e da Deputación de Pontevedra: segundo Límite de edificación establecido pola normativa en vigor. o Resto: 3 m dende aliñacións establecidas nos planos de ordenación.	Posterior: > 3 m Lateral: 0,00 m Aliñación: 0,00 m	Non cumpre. Edificación na situación regulada no artigo 90 da LSG.

		Ocupación máxima:	35 %	29,83% (190/637)*100%	Cumpre
		Edificabilidade máxima:	0,70 m ² /m ²	0,47 m ² /m ² (300/637)	Cumpre

Parcela de orixe nº2B (36052S502002110000KK): PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Solo rústico de especial protección			
CATEGORÍAS		Solo rústico de protección agropecuaria			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (art. 31 a 39 da LSG)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condicions da parcela	Parcela mínima:	2000 m ²	5.123,00 m ²	Cumpre
		Fronte mínima:	Non se establece	51,26 m	Cumpre
	Condicions de ocupación	Ocupación máxima:	20 % (60% para explotacións gandeiras)	39,35 % (2016/5123)*100 %	Cumpre
		Retranqueos:	5 m a todos os lindeiros	<5 m linde SO <5 m linde NO >5 m linde cara camiño 0,00 m linde a reorganizar	Non cumpre. Edificación na situación regulada no artigo 90 da LSG.

3. Réxime urbanístico dos lotes resultantes:

En cumprimento do artigo 150.2 da LSG, procédese á comprobación do cumprimento dos parámetros urbanísticos dos lotes resultantes, co obxecto de comprobar a viabilidade da reorganización proposta:

Parcela resultante nº1A (36052S502001960000KA): PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Solo Núcleo Rural			
TIPO		Histórico Tradicional			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Regulamento para o Solo Núcleo Rural Histórico Tradicional (art. 322 a 328 do PXOM de Silleda)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condicions da parcela	Parcela mínima:	600 m ² (1000 m ² a efectos de parcelacións)	2.369,00 m ²	Cumpre

	Condições de posición e volume	Fronte mínima:	12 m	>12 m	Cumpre
		Retranqueos:	-3 m a lindeiros posterior e laterais -A vías: ○ Estatais, autonómicas e da Deputación de Pontevedra: segundo Límite de edificación establecido pola normativa en vigor. ○ Resto: 3 m dende aliñacións establecidas nos planos de ordenación.	Posterior: > 3 m Lateral: > 3 m Aliñación: 0,00 m	Non cumpre. Edificación na situación regulada no artigo 90 da LSG.
		Ocupación máxima:	35 %	14,69 % (348/2369)*100%	Cumpre
		Edificabilidade máxima:	0,70 m ² /m ²	0,23 m ² /m ² (547/2369)	Cumpre

Parcela resultante nº1B (36052S502001960000KA): PARÁMETROS URBANÍSTICOS					
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Solo rústico de especial protección			
CATEGORÍAS		Solo rústico de protección agropecuaria			
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia			
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (art. 31 a 39 da LSG)		Proxecto	Cumprimento / observacións
Parámetros da edificación	Condições da parcela	Parcela mínima:	2000 m ²	2.950 m ²	Cumpre
		Fronte mínima:	Non se establece		Cumpre
	Condições de ocupación	Ocupación máxima:	20 % (60% explotacións gandeiras)	0% (non existen edificacións)	Cumpre
		Retranqueos:	5 m a todos os lindeiros	Non existen edificacións	Cumpre

Parcela resultante nº2 (36052S502002110000KK): PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
CLASIFICACIÓN DO SOLO	Solo rústico de especial protección
CATEGORÍAS	Solo rústico de protección agropecuaria
ORDENANZA DE	Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

APLICACIÓN					
PARÁMETROS URBANÍSTICOS		Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (art. 31 a 39 da LSG)	Proxecto	Cumprimento / observacións	
Parámetros da edificación	Condições da parcela	Parcela mínima:	2000 m²	4.726 m²	Cumpre
		Fronte mínima:	Non se establece	18,40 m	Cumpre
	Condições de ocupacion	Ocupación máxima:	20 % (60% explotacións gandeiras)	42,66 % (2016/4726)*100 %	Cumpre
		Retranqueos:	5 m a todos os lindeiros	<5 m linde SO <5 m linde NO >5 m linde cara camiño 5 m linde a reorganizar	Non cumpre. Edificación na situación regulada no artigo 90 da LSG.

4. Control documental:

O artigo 355 do RLSG, regula o contido mínimo que deberán ter os proxectos de parcelación, os cales deberán estar subscritos por técnico competente:

Contido mínimo do Proxecto de Parcelación		
Art. 355 do RLSG: Supostos específicos (Licencia de parcelación)	Proxecto	Cumprimento / observacións
2.a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable	PRESENTA	Apartado 5.6
2.b) Proforma do documento público ou privado no que se reflecta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite	PRESENTA	Anexo 3
2.c) Plano da situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.	PRESENTA	Plano 01 e plano 02
2.d) Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos	PRESENTA	Plano 07
2.e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de calificacións urbanísticas	PRESENTA	Plano 06
2.f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a calificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.	PRESENTA	Anexo 2

5. Finalidade do proxecto:

As actuacións pretendidas correspóndense coa segregación de dúas parcelas para reorganización da propiedade. O número resultante de parcelas será igual as parcelas de orixe (dúas parcelas).

6. Conclusión:

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza para a reorganización de fincas, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a **reorganización das parcelas con referencia catastral 36052S502001960000KA e 36052S502002110000KK** segundo o contemplado no proxecto “Reorganización de la propiedad de fincas rústicas”, elaborado pola arquitecta Dna. Susana Ramos Porto, con data de sinatura dixital 07 de xaneiro de 2025.

Ademais consígnanse os seguintes aspectos para que a resolución que outorgue a licenza os conteña, segundo require o artigo 357.4. do RLSG:

ASPECTO		ACTUACIÓN DE REFERENCIA
Clasificación urbanística do solo		Parcela resultante nº1: Solo de Núcleo Rural + Solo Rústico Parcela resultante nº2: Solo Rústico
Cualificación urbanística do solo		Parcela resultante nº1: 2.369,00 m2 en Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional 2.950,00 m2 Solo Rústico de protección agropecuaria Parcela resultante nº2: 4.726,00 m2 Solo Rústico de protección agropecuaria
Finalidade da actuación e uso o que se destinará		Finalidade: Reorganización de parcelas. Pretendese manter o uso existente na actualidade: - As parcelas a uso agropecuario. - As construcións empregadas como explotación agro gandeira a granxa de polos. - Edificación auxiliar a uso agrario. - Almacén e vivenda.
Altura, volume e ocupación de parcela permitidos		Parámetros urbanísticos xa relacionados nos cadros do apartado 3 do informe.
Orzamento de execución material		Non procede
Referencia catastral		Parcela resultante nº1: 36052S502001960000KA Parcela resultante nº2: 36052S502002110000KK
Referencia rexistral		Parcela orixe nº1: finca 29602, en el tomo 599, libro 169, folio 110, alta 2 Parcela orixe nº2: finca 29801, en el tomo 602, libro 170, folio 164, alta 1
Nome dos promotores		Dna. Elena Ramos Gómez e D. José Antonio Rivas Iglesias
Técnicos	Autor do Proxecto	Dna. Susana Ramos Porto
	Director de Obra	Non procede
	Director de execución	Non procede
	Coordinador de seguridade e saúde	Non procede
Prazos das obras	Inicio	Non procede



2 cuenta con una superficie de 4.728 m².
60525020021300000K
844 Silleda (Pontevedra)
edad de D^a Elena Ramos Gómez.
concentración parcelaria
edad de D^a Isolina Gamallo Vázquez

Acceso Desde camino público

Calificación Urbanística Suelo Rústico de Protección Agropecuaria.

Calidad de indivisibilidad Indivisible



PARCELA RESULTANTE Nº 1

Superficie La PARCELA RESULTANTE Nº1 cuenta con una superficie de 5.319,00 m².

Emplazamiento REFERENCIA CATASTRAL 3605255020019600000KA
Revolcón, Laro-Parada, 36544 Silleda (Pontevedra)
Polígono 500- Parcela 198

Límites Norte: Parcela nº 237 de D. Jesús Dobarro Toubes y edificación.
Sur: Parcela nº 211 propiedad de D^a Elena Ramos Gómez
Este: Camino
Oeste: Parcela nº 199 propiedad de D^a Isolina Gamallo Vázquez.

Acceso Desde camino público

Calificación Urbanística Suelo de Núcleo Rural Histórico Tradicional
Suelo Rústico de Protección Agropecuaria.

Calidad de indivisibilidad Divisible



	Remate	<i>Non procede</i>
	Posibilidade de prórroga	<i>Non procede</i>

Segundo o establecido no artigo 355.2 do RLSG, a resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes, os cales se axuntan a continuación:

7. Observacións:

As autorizacións de segregación, comportan a obriga de ceder o terreo destinado a viario, segundo se desprende do artigo 150.6 da LSG. Segundo consta no proxecto, non procede a cesión o encontrarse as parcelas resultantes dentro da aliñación definida no planeamento.

*As parcelas resultantes **deberán conservar os accesos existentes** das parcelas de orixe. Doutro xeito, para realizar un novo acceso precisará autorización desta administración.*

*Parte das **edificacións existentes en ambas parcelas estarán sometidas o réxime establecido no artigo 90.2 da LSG, así como nos artigos 201 a 203 do PXOM de Silleda, por tratarse de edificacións que non son plenamente compatibles cas determinacións da LSG e PXOM de Silleda.***

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado.

Documento asinado por Elías González Roma, en Silleda, na data da sinatura electrónica.”

5º.- Consta no expediente informe xurídico asinado pola Secretaria do Concello o 14 de marzo de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de

acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) **As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.**
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Compre destacar que a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia regula no artigo 149 a “División e segregación de predios en solo rústico”, de maneira que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, SEMPRE E CANDO NON RESULTE UN MAIOR NÚMERO DE PARCELAS RESPECTO DO ORIXINARIAMENTE EXISTENTE.

Ademáis o artigo 150 do mesmo precepto legal regula o “Réxime de parcelacións e divisións de terreos” da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, no apartado sexto establece que, toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

